

ABAU

(Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade)

Esta avaliación realizárasea o alumnado que queira acceder a estudos universitarios (non é necesaria para ter o título de BAC).

Estrutura

Parte Obrigatoria:

As probas versarán sobre as materias Troncais Xerais e de Modalidade de 2º de BAC:

1º) Lingua Castelá e Literatura II:

Consistirá no comentario, por escrito, dun texto non especializado e de carácter informativo ou divulgativo, relacionado coas capacidades e contidos da materia de Lingua Castelá e Literatura II.

2º) Lingua Galega e Literatura II:

Consistirá no comentario, por escrito, dun texto non especializado e de carácter informativo ou divulgativo, relacionado coas capacidades e contidos da materia de Lingua Galega e Literatura II.

3º) Historia de España:

Versará sobre as capacidades e contidos da materia de Historia de España. Consistirá na resposta por escrito a unha serie de cuestións adecuadas ao tipo de coñecementos e capacidades que deban seren avaliados e o formato de resposta deberá garantir a aplicación dos criterios obxectivos de avaliación previamente aprobados.

4º) Primeira Lingua Estranxeira e Literatura II [Alemán, Francés, Inglés, Italiano ou Portugués] cursada:

O exercicio terá como obxectivo valorar a comprensión oral e lectora e a expresión oral e escrita da Primeira Lingua Estranxeira e Literatura II da que se trate.

Nota: a efectos de organización da proba, o estudante indicará na solicitude de matrícula na proba, a Primeira Lingua Estranxeira e Literatura II [Alemán, Francés, Inglés, Italiano ou Portugués] da que se examinará.

5º) Materia Xeral de modalidade de segundo de bacharelato cursada:

Humanidades: Latín II

CC Sociais: Matemáticas Aplicadas ás CC Sociais II

Ciencias: Matemáticas II

Cada un dos exercicios das materias xerais do bloque das materias troncais da modalidade elixida cualificarase de 0 a 10 con dúas cifras decimais.

Parte Voluntaria:

O alumnado que queira mellorar a súa cualificación de admisión poderá examinarse dun máximo de **catro** materias, a elixir entre as materias de opción do bloque de troncais de segundo curso e as materias xerais troncais específicas de modalidade distintas daquela da que se examinen na parte obrigatoria da proba.

MATERIAS OBJETO DE EXAME NA PARTE VOLUNTARIA		
MATERIAS DE OPCIÓN (para todas as Modalidades)		MATERIAS DE MODALIDADE (agás aquela da que se examinou na Parte Obrigatoria)
- Artes Escénicas	- Grego II	- Fundamentos da Arte II (agás Bacharelato de Arte)
- Bioloxía	- Historia da Arte	- Latin II (agás Bacharelato de Humanidades)
- Cultura Audiovisual II	- Historia da Filosofía	- Matemáticas II (agás Bacharelato de Ciencias)
- Debuxo Técnico II	- Química	- Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II (agás Bach. C. Sociais)
- Deseño	- Xeoloxía	MATERIA OPTATIVA <i>Nota:</i> A opción lingüística escollida será diferente da opción da que se examina na Primeira Lingua Estranxeira II. - Segunda Lingua Estranxeira II: Alemán, Francés, Inglés, Italiano ou Portugués
- Economía da Empresa	- Xeografía	
- Física II		
<i>Nota:</i> a efectos de organización da proba, o alumnado indicará na solicitude de matrícula da ABAU a materia ou materias (máximo catro materias) das que se examinará na Parte Voluntaria.		

Cada unha das materias das cales se examine o alumnado con carácter voluntario aos efectos de melloral a súa nota de admisión cualificarase de 0 a 10 puntos, con dúas cifras decimais. Considerarase superada a materia cando se obteña unha cualificación igual ou **superior a 5** puntos.

Ten en conta que:

- Realizarase unha proba por cada unha das materias obxecto de avaliación. Cada proba constará dun mínimo de 2 e un máximo de 15 preguntas.
- Adecuaranse ao currículo do bacharelato establecido polo Decreto 86/2015 (LOMCE)
- Presentaranse dúas opcións diferentes, entre as cales os e as estudantes deberán elixir unha.
- Para a realización dos exercicios, o alumnado poderá empregar, á súa elección, calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia. Non obstante, os exercicios correspondentes a Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura e Lingua Estranxeira deberán realizarse nos seus respectivos idiomas.
- Cada unha das probas da avaliación de bacharelato para o acceso á Universidade terá unha duración de 90 minutos.

No curso 2018/2019 realizaranse dúas convocatorias: unha ordinaria e outra extraordinaria.

ORDINARIA XUÑO 2019			EXTRAORDINARIA XULLO 2019		
Mércores 12	Xoves 13	Venres 14	Mércores 10	Xoves 11	Venres 12

O alumnado que participe na convocatoria ordinaria poderá presentarse para a mellora das cualificacións na convocatoria extraordinaria. Terase en conta a cualificación obtida sempre que sexa superior á anterior.

Cada unha das probas conterá preguntas abertas e semiabertas que requirirán do alumnado capacidade de pensamento crítico, reflexión e madurez. Ademais destes tipos de preguntas, poderanse utilizar tamén preguntas de opción múltiple, sempre que en cada unha das probas a puntuación asignada ao total de preguntas abertas e semiabertas alcance como mínimo o 50 %.

Para estes efectos, as categorías de preguntas defínense da seguinte maneira:

- De opción múltiple: preguntas cunha soa resposta correcta inequívoca e que non esixen construción por parte do alumno ou da alumna, xa que este se limitará a elixir unha de entre as opcións propostas.
- Semiabertas: preguntas con resposta correcta inequívoca e que esixen construción por parte do alumno ou da alumna. Esta construción será breve, por exemplo un número que dá resposta a un problema matemático, ou unha palabra que complete unha frase ou dea resposta a unha cuestión sempre que non se facilite un listado de posibles respostas.
- Abertas: preguntas que esixen construción por parte do alumno ou da alumna e que non teñen unha soa resposta correcta inequívoca. Englóbanse neste tipo as producións escritas e as composicións plásticas.

Cualificación das probas

Na Parte Obrigatoria: será a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das probas realizadas das materias xerais do bloque de materias troncais expresada nunha escala de 0 a 10 con tres cifras decimais e redondeada á milésima máis próxima e en caso de equidistancia á superior. Esta cualificación deberá ser igual ou superior a 4 puntos.

A cualificación para o acceso á Universidade calcularase ponderando un 40% a cualificación sinalada no parágrafo anterior e un 60% a cualificación do bacharelato. Entenderase que se reúnen os requisitos de acceso cando o resultado desta ponderación sexa igual ou superior a cinco puntos.

Para os que se presentan á Parte Voluntaria:

Considerarase superada cada unha das materias da Parte Voluntaria das que se examine o estudante cando se obteña unha cualificación igual ou superior a cinco (≥ 5) puntos.

Non se ponderará a cualificación obtida nunha materia cando non se acade nesta unha puntuación igual ou superior a cinco (≥ 5) puntos.

Aos efectos do acceso á universidade, a cualificación das materias da Parte Voluntaria terá **validez durante os dous cursos académicos seguintes a súa superación**; así, por exemplo, para alguén que superase a/as materia/s obxecto de exame na Parte Voluntaria da proba na convocatoria ordinaria ou extraordinaria do ano 2019, a validez destas será para o acceso á universidade nos cursos 2019-2020 e 2020-2021.

FÓRMULA PARA A NOTA DE ADMISIÓN NA UNIVERSIDADE:

$$\text{Nota de admisión} = 0,6 * \text{NMB} + 0,4 * \text{CPO} + a * \text{M1} + b * \text{M2}$$

NMB = Nota media do bacharelato

CPO = Cualificación da Parte Obrigatoria

M1, M2 = Cualificacións dun máximo de dúas das catro materias das que se examinase o alumno/a na Parte Voluntaria e/ou da materia Troncal de Modalidade correspondente, que proporcionen mellor

nota de acceso.

a, b =Parámetros de ponderación das materias da Parte Voluntaria e/ou da materia Troncal de Modalidade da proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade que proporcionen mellor nota de acceso.

A nota de admisión incorporará as cualificacións das materias da Parte Voluntaria e/ou **da materia troncal de modalidade da Parte Obrigatoria** no caso de que as devanditas materias estean adscritas á rama de coñecemento do título ao que se queira ser admitido, de acordo cos parámetros de ponderación establecidos polas tres universidades do SUG para o acceso aos estudos oficiais de grao no curso académico 2019-2020.

E, se non se está de acordo coas cualificacións obtidas:

Sobre a cualificación outorgada de cada materia despois da primeira corrección e no prazo de tres días hábiles contados a partir da data de publicación das cualificacións, cada estudante poderá presentar solicitude de:

Reclamación

Segunda corrección

Reclamación:

Os exercicios sobre os que se solicite reclamación **serán revisados** co obxecto de verificar que todas as cuestións fosen avaliadas cunha correcta aplicación dos criterios xerais de avaliación e/ou específicos de corrección, así como a comprobación de que non existen erros materiais no proceso de cálculo da cualificación outorgada.

A cualificación definitiva da materia ou materias obxecto da reclamación será a que resulte do antedito proceso de revisión, sempre que esta sexa superior á outorgada na primeira corrección, agás nos casos de erros materiais de cálculo da cualificación, no que a cualificación será a que resulte do cálculo correcto.

A presentación de reclamación excluírá a posibilidade de solicitar a segunda corrección.

Segunda corrección:

Os exercicios sobre os que se presente unha solicitude de segunda corrección serán corrixidos por un profesor ou profesora especialista distinto ao que levou a cabo a primeira corrección.

A cualificación resultará da media aritmética das cualificacións obtidas nas dúas correccións. No suposto de que existise unha diferenza de 2 ou máis puntos entre as dúas cualificacións, o tribunal efectuará, de oficio, unha terceira corrección. A cualificación final será a media aritmética das tres cualificacións.

Este procedemento efectuarase no prazo máximo de cinco días hábiles, contados a partir da data de finalización do prazo establecido anteriormente.

Sobre a cualificación outorgada despois do proceso de segunda corrección, o estudante poderá presentar reclamación ante o presidente do Tribunal da Comisión Organizadora das probas de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade, no prazo de tres días hábiles, contados a partir da data de publicación da resolución da segunda corrección. A cualificación definitiva será a que resulte desta revisión, sempre que sexa superior a outorgada na segunda corrección.

Máis información na páxina da CIUG: <http://ciug.gal/>

Na aula virtual do dpto. de Orientación

No dpto. de Orientación